

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 8 DE XUÑO DE 2017,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETO

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Decreto polo que se conceden as Medallas Castelao 2017.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade de dous treitos da estrada PO-409 Salvaterra (PO-403) A Rañada (PO-510), a prol do Concello de Salvaterra de Miño.

ACORDOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto de carácter plurianual para o financiamento das axudas ao abeiro da Orde da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a realización de proxectos de investigación e para a creación de grupos de investigación en materia de cooperación para o desenvolvemento, a executar polos grupos e centros de investigación das universidades galegas e se procede á súa convocatoria para o ano 2017, por un importe total de cento cincuenta mil euros (150.000,00€).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e o Concello de Maceda, para o acondicionamento das rúas da Pena, da Cruz, do Perigo e da travesía do Buratiño no núcleo de Maceda, por un importe total de cento once mil seiscentos dezaoto euros con tres céntimos (111.618,03 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo de recoñecemento, autorización e cualificación como colección visitable do Museo do Mar de Laxe.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión do terreo e o inmovible do centro de saúde de Folgoso do Courel feita a título gratuito polo Concello de Folgoso do Courel (Lugo), a favor do Servizo Galego de Saúde.
- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión do terreo e o inmovible do centro de saúde de Meira feita a título gratuito polo Concello de Meira (Lugo), a favor do Servizo Galego de Saúde.
- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión do terreo e o inmovible do Centro de Saúde de Xove feita a título gratuito polo Concello de Xove (Lugo), a favor do Servizo Galego de Saúde.
- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión do terreo e o inmovible do centro de saúde da Peroxa feita a título gratuito polo Concello da Peroxa (Ourense), a favor do Servizo Galego de Saúde.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social a adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual de conformidade co previsto no artigo 58.1.b) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, a establecer pagamentos anticipados e a conta en porcentaxes superiores aos recollidos nos artigos 62.2 e 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia e a eximir da obriga de constituír garantías de acordo co artigo 67.4 do citado decreto, na Orde pola que se establecen as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para a posta en marcha de Casas Niño, parcialmente cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva para os anos 2017, 2018, 2019 e 2020. Total: dous millóns catrocentos dez mil euros (2.410.000,00€).

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre o Programa emprega en feminino

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Consellería de Política Social pola que se dá conta da Programación da Campaña de Verán 2017.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da convocatoria dos premios Agader-2017
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta do Convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a Fundación Juana de Vega para rematar o proxecto "Mobilización de Terras no Val de Lemos", por un importe total de sesenta e dous mil seiscientos setenta euros con cincuenta e tres céntimos (62.670,53€) para o período 2017-2018.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a rastrexabilidade dos produtos pesqueiros en Galicia.

JUSTO BERAMENDI, CRISTINA PATO, O OCEANOGRÁFICO DE VIGO, O GRUPO NOVE E XOSÉ RAMÓN GAYOSO, GALARDOADOS COA MEDALLA CASTELAO 2017

O Consello da Xunta aprobou o decreto polo que se concede esta distinción a aqueles galegos e galegas cuxa obra, en calquera faceta da actividade humana, se considera merecedora do recoñecemento de toda Galicia.

Estas distincións serán entregadas, como cada ano, o vindeiro 28 de xuño.

JUSTO BERAMENDI

Nado en Madrid, cursou estudos de Enxeñería Industrial nesa cidade (1959-1967), de tradución en Barcelona (1969-1974) e o Doutorado en Historia en Santiago de Compostela (1987). Posteriormente foi catedrático de Historia Contemporánea na Universidade de Santiago de Compostela, da que tamén foi vicerreitor (1990-1994).

Consagrou a súa vida académica ao estudo das ideoloxías e o nacionalismo, de feito, entre as súas obras figuran estudos sobre as figuras de Vicente Risco, Manuel Murguía ou Alfredo Brañas, ademais do monumental ensaio *De provincia a nación: Historia do galeguismo político*. Este último valeulle o Premio Nacional de Ensaio 2008.

Xubilouse no ano 2012 aínda que non abandonou a actividade intelectual, actualmente preside a xunta rectora do Museo do Pobo Galego do que foi cofundador. Ademais, é membro fundador da Fundación Castelao e director da sección de pensamento político da Fundación Vicente Risco.

CRISTINA PATO

É titulada superior de Piano, titulada superior de Teoría da Música, Transporte e Acompañamento e titulada superior de Música de Cámara polo Conservatorio Superior de Música do Liceo de Barcelona. Ademais, realizou o Máster en Artes Dixitais da Universidade Pompeu Fabra e un doutoramento en Artes Musicais en Piano Colaborativo na Universidade Rutgers de Estados Unidos.

Esta ourensá foi a primeira muller gaiteira en publicar, con tan só 18 anos, un álbum en solitario, *Tolemia*. Posteriormente publicou outros 6 discos como gaiteira solista e dous máis como pianista.

En 2017 fixo historia ao recibir un *Grammy* xunto coa banda *Silk Road Ensemble* coa que actualmente colabora en Nova York.

CENTRO OCEANOGRÁFICO DE VIGO

Este centro centenario leva a cabo un importante traballo de formación de investigadores e técnicos sobre o medio mariño, polo que é moi habitual que estudantes de FP realicen prácticas na institución. Tamén é habitual ver traballando alí a profesionais doutras institucións nacionais e internacionais.

Desenvolve a súa actividade investigadora no ámbito dos recursos mariños, dos problemas relacionados coa oceanografía e a contaminación do medio mariño.

Na actualidade o Centro Oceanográfico de Vigo é o máis grande dos nove centros do Instituto Español de Oceanografía cun equipo de 119 persoas e forma parte do Campus de Excelencia Internacional Campus do Mar.

GRUPO NOVE

Este colectivo de cociñeiros leva desde 2003 reivindicando a modernidade e a vixencia da nova cociña galega, sen renunciar ás orixes da vangarda gastronómica e combinando o mellor da tradición e a innovación.

O grupo, inicialmente composto por nove cociñeiros, foi medrando ata acadar os 24 membros e 18 restaurantes que actualmente o compoñen. Todos eles suman oito estrelas Michelin e 18 soles Repsol e, co seu labor, engaden valor á marca Galicia situando o noso país no mapa.

XOSÉ RAMÓN GAYOSO

Forma parte da historia viva da Televisión de Galicia, cadea na que comezou a traballar desde o mesmo día da súa inauguración, en 1985, a carón da falecida Mercedes Bouzón.

Desde entón, presentou programas como *Entre nós*, *Boa noite*, *Lúa nova*, *O veciño do xoves*, *Corazonada*, *Adiviña quen vén esta noite*, e *Pensando en ti*. Pero terminou por consagrarse como un dos rostros máis recoñecidos da nosa televisión da man do programa *Luar*.

Antes de iniciar a súa traxectoria televisiva, foi lanzador de martelo, avogado e compoñente do dúo musical *Keltia*, co que lanzou o LP *Choca esos cinco*.

A XUNTA DE GALICIA TRANSFIRE A PROL DO CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO A ESTRADA PO-409, ENTRE ESTE MUNICIPIO E A RAÑADA

- *O Goberno galego rematou recentemente as obras de renovación dos servizos de saneamento e drenaxe e o acondicionamento do firme nesta vía, cun investimento duns 270.000 euros*
- *Esta vía, cun total de 1,79 km de lonxitude, pode dividirse en dous subtramos: o primeiro, dende a intersección coa PO-403 ata o paso sobre o Tea; e o segundo, desde este punto ata o final da estrada, na intersección coa PO-510*
- *A entrega do treito formalizarase mediante a sinatura da acta de entrega, no prazo dos dous meses seguintes ao da publicación do decreto no Diario Oficial de Galicia*
- *Con esta transferencia, o Concello poderá actuar sobre esta vía de acordo coas súas características urbanas, e nela xa non serán de aplicación as restricións da normativa autonómica de estradas*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a transferencia a prol do Concello de Salvaterra de Miño da estrada PO-409, que conecta esta localidade coa Rañada.

O Concello do Salvaterra manifestou á Consellería de Infraestruturas e Vivenda o seu interese polo cambio de titularidade da estrada PO-409, que discorre integramente polo seu termo municipal, unha vez que a administración autonómica acondicionase o treito urbano.

A estrada PO-409 (Salvaterra – A Rañada), pertencente á rede secundaria de titularidade autonómica, conta cunha alternativa viaria de maior nivel de servizo: a estrada PO-510 (Atios- Oleiros), que forma parte da rede primaria básica de estradas e discorre practicamente en paralelo, polo que rexistra un tráfico principalmente local.

Esta vía, cun total de 1,79 km de lonxitude, pode dividirse en dous subtramos: o primeiro, dende a intersección coa PO-403 ata a obra de paso sobre o Tea; e o segundo, desde este punto ata o final da estrada, na intersección coa PO-510.

A Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades locais.

A entrega do treito formalizarase mediante a sinatura da acta de entrega, no prazo dos dous meses seguintes á publicación do decreto no *Diario Oficial de Galicia* (DOG).


Con esta transferencia, o Concello poderá actuar sobre esta vía de acordo coas súas características urbanas, e nela xa non serán de aplicación as restricións da normativa autonómica de estradas, como por exemplo as limitacións de usos ou actividades nas

súas marxes ou os accesos, ao tempo que se reducirán as cargas administrativas sobre os cidadáns dos núcleos polos que discorre.

Mellora da estrada

Cómpre lembrar que a Xunta rematou recentemente o acondicionamento no tramo urbano da PO-409 e posteriormente, logo do acordo co informe emitido polos servizos competentes, formulou proposta favorable á transferencia de titularidade.

En 2016, a Axencia Galega de Infraestruturas licitou as obras de renovación dos servizos de saneamento e drenaxe e o acondicionamento do firme nesta vía, que se remataron a principios de 2017. O Goberno galego financiou estas actuacións cun custo duns 270.000 euros.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA A CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN EN COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO

- *As axudas están destinadas a proxectos de investigación e a creación de grupos de investigación en materia de cooperación para o desenvolvemento das universidades galegas*
- *Contan cun orzamento de 150.000 euros entre 2017 e 2018*
- *Dan cumprimento ao III Plan director da cooperación galega no que se aposta pola promoción dunha cultura de investigación no noso sistema de cooperación*

O Consello da Xunta vén de informar da convocatoria de subvencións destinadas ao financiamento de proxectos de investigación e creación de grupos de investigación en materia de cooperación para o desenvolvemento, cumprindo así co establecido no III Plan director da cooperación galega (2014-2017) no que se aposta pola promoción dunha cultura de investigación no noso sistema de cooperación.

Poderán ser entidades beneficiarias das subvencións as universidades do Sistema Universitario de Galicia e serán destinatarios/as os/as investigadores/as individuais ou equipos e grupos de investigación do Sistema Universitario de Galicia (SUG). Ademais, poderán beneficiarse tamén as ONGD e os outros axentes de cooperación sempre que se presenten en agrupación coas universidades, que serán as que deberán liderar os proxectos de investigación. As axudas contan cunha dotación orzamentaria de 150.0000 euros para este ano e o ano que vén.

Na procura de dar cumprimento á estratexia prevista no III Plan director da cooperación galega 2014-2017 e no Plan anual da cooperación galega para o 2017, a convocatoria ten entre os seus obxectivos: a aposta por unha maior eficacia e calidade da política galega de cooperación; a promoción dunha cultura de investigación no noso sistema de cooperación que mellore a xestión do coñecemento e contribúa a un maior impacto das intervencións; e unha maior orientación estratéxica coa posta en valor das vantaxes diferenciais de Galicia naqueles sectores e disciplinas onde existen equipos de investigación fortes.

As solicitudes dirixiranse á Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, e deberán presentarse a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta, <https://sede.xunta.gal>

MEDIO AMBIENTE DESTINA MÁIS DE 100.000 EUROS AO ACONDICIONAMENTO DAS RÚAS DA PENA, DA CRUZ, DO PERIGO E DA TRAVESÍA DO BURATIÑO NO CONCELLO DE MACEDA

- *O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura dun convenio de colaboración para a execución desta actuación, enmarcada no Plan hUrbe*
- *Grazas a esta obra acondicionaranse catro rúas do núcleo urbano moi transitadas polos veciños da vila*
- *Esta mellora é acorde cun dos obxectivos do Plan hUrbe, promover o desenvolvemento das vilas e dos núcleos rurais con criterios de sustentabilidade económica*

O Consello da Xunta na súa reunión desta mañá autorizou a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e o Concello de Maceda para o acondicionamento das rúas da Pena, da Cruz, do Perigo e da Travesía do Buratiño no Concello de Maceda, por un importe de máis de 100.000 euros (111.618).

Trátase dunha actuación recollidas no marco do Plan hUrbe, que ten entre as súas finalidades mellorar e promover o desenvolvemento das vilas e dos núcleos rurais, polo que a actuación autorizada esta mañá é acorde a este obxectivo.

Neste caso concreto, as catro rúas están dentro do ámbito do núcleo urbano e son rúas moi transitadas polos veciños da vila e presentan un estado moi deteriorado e con nulas ou escasas infraestruturas de servizos acordes coas que a sociedade en xeral demanda na actualidade.

As actuacións que se van realizar nas rúas descritas ao abeiro do presente convenio, en síntese son as seguintes, a demolición de pavimentos existentes, o movemento de terras, a instalación dunha nova pavimentación con lastro, pedra ou formigón segundo os casos e da rede de pluviais, unha nova rede ou a substitución da existente, en función dos tramos.

Coa actuación, subvencionable ao 100% por parte da Xunta, preténdese a reestruturación e acondicionamento destas catro rúas, respectando os elementos existentes e mellorando a circulación de peóns e vehículos.

Ademais de fomentarse a conservación e recuperación de espazos públicos, coa finalidade da súa posta en valor como espazo social, cultural e economicamente activo; tamén se promoven todas aquelas actuacións orientadas a mellorar a seguridade viaria e peonil, a accesibilidade e a supresión de barreiras arquitectónicas, co fin de mellorar o benestar dos veciños.

Un dos obxectivos da Xunta de Galicia é promover a execución de equipamentos urbanos municipais, co fin de dotar os concellos dunha adecuada oferta de actividades de ocio, recreativas, culturais e de lecer, con obxecto de mellorar a calidade de vida dos seus cidadáns e do público en xeral.

Esta actuación vén poñer de manifesto os esforzos do Goberno galego por mellorar as vilas galegas; xa que no presente exercicio se executarán 15 actuacións en senllos concellos, o que se traduce nun orzamento de case tres millón de euros.

A conselleira de Medio Ambiente recordou que, desde o ano 2010, o investimento realizado na provincia de Ourense a través do Plan *h*Urbe ascende aos 10 millóns de euros, que permitiron financiar 64 actuacións; que no conxunto de Galicia elévase a 123 millóns de euros, para facer realidade 157 actuacións.

Cómpre recordar que este plan ten un triplo obxectivo, fomentar a humanización das vilas de Galicia, favorecer a cooperación da Administración autonómica e os concellos e promover o reequilibrio territorial na nosa comunidade, coa recuperación de espazos públicos.

A XUNTA RECOÑECE COMO COLECCIÓN VISITABLE O MUSEO DO MAR DE LAXE

- *O seu discurso museístico céntrase no patrimonio antropolóxico, histórico e visual da vila desde finais do século XIX ata os anos 70*
- *Alberga unhas 67.000 fotografías procedentes do arquivo do fotógrafo Plácido Vidal e do seu fillo José María Vidal*

O Consello da Xunta deu hoxe o seu visto e praxe á proposta da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de recoñecer como colección visitable o Museo do Mar de Laxe (A Coruña), logo da solicitude tramitada polo Concello de Laxe, que ten a súa titularidade.

O seu contido xira arredor de dous eixos básicos, que son a historia da vila de Laxe e da comarca desde finais do século XIX ata os anos 70 do século pasado; cunha especial atención á divulgación da cultura marítima e á preservación da memoria socio cultural da zona. Polo tanto, este patrimonio antropolóxico, histórico e visual constitúe o soporte fundamental da colección que alberga.

Non obstante, a peza fundamental do Museo son o conxunto de fotografías procedentes do arquivo fotográfico de Plácido Vidal (1867-1956) e do seu fillo José María Vidal (1900-1988), que forman parte da colección permanente do centro. Este arquivo está composto por 67.000 imaxes que reflicten a historia de Laxe e a súa contorna ao longo de máis dun século. Todas estas fotografías foron dixitalizadas e atópanse depositadas no Arquivo Municipal, aínda que están asignadas ás coleccións do Museo do Mar de Laxe, onde actualmente -na súa planta baixa- se reproduce unha escolma delas.

Unha vez recibida a solicitude por parte do Concello de Laxe, e analizada toda a documentación pertinente como é o inventario de fondos e o Plan de colección visitable (que abrangue o programa museolóxico e museográfico, persoal e financiamento), a Consellería de Cultura estimou que o Museo do Mar de Laxe reúne as condicións e requisitos necesarios para acadar a colección visitable, cun contido temático marítimo-pesqueiro e ámbito local.

Requisitos

A Lei 5/2016, do patrimonio cultural de Galicia establece, no seu artigo 112, que se considera "colección visitable" aquela que non reúna todas as características e condicións necesarias para o seu recoñecemento como museo, sempre que as súas persoas titulares faciliten, mediante un horario accesible e regular a visita pública e o acceso do persoal investigador. Así mesmo, os seus fondos gozarán das atencións básicas que garantan a súa custodia e conservación.

A partir da entrada en vigor da Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia, ata o de agora, son 23 os museos, coleccións ou centros catalogados como “colección visitable” en Galicia (2 museos e 21 coleccións visitables).

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A ACEPTACIÓN DOS CENTROS DE SAÚDE DE FOLGOSO, MEIRA, XOVE E A PEROXA

- *Pertencen ao grupo de 18 centros de saúde dos cales o Sergas está a asumir os gastos no eido do Pacto Local*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a aceptación da cesión do terreo e o inmovible dos centros de saúde de Folgoso do Courel, Meira e Xove, da provincia de Lugo, e do centro de saúde da Peroxa, na provincia de Ourense.

Todas as cesións son iniciadas de forma voluntaria e están feitas a título gratuito polos respectivos concellos a favor do Servizo Galego de Saúde. Estas cesións pertencen ao grupo de 18 centros de saúde dos cales o Sergas anunciou hai unhas semanas a asunción dos seus custos de mantemento. Súmanse aos 49 centros cedidos xa á Comunidade Autónoma no eido do Pacto Local.

A estimación dos custos de mantemento ascende a 17.000 euros no caso do centro de saúde de Folgoso, 40.000 euros para o centro de Meira, e 32.650 euros no caso do centro de saúde de Xove. Con respecto do centro ourensán da Peroxa, o custo de mantemento ascende a 22.000 euros.

O proceso iníciase coa sinatura por parte dos concellos duns convenios nos que se establecen as bases da cooperación co Sergas para “a cesión da propiedade do centro de saúde do que é titular o dito concello, ao Servizo Galego de Saúde e para a asunción, por parte deste organismo, dos gastos deste”. O concello comprométese a realizar todos os trámites patrimoniais e urbanísticos que sexan necesarios co fin de posibilitar a cesión patrimonial do centro de saúde libre de cargas e gravames así como a aprobar determinadas exencións e bonificacións fiscais, e o Servizo Galego de Saúde acepta a cesión do inmovible e comprométese a asumir os gasto de mantemento.

Cómpre destacar que a asunción de obrigas de contido económico para o Servizo Galego de Saúde xurde no momento en que se eleve a escritura pública a cesión da titularidade dos centros ao Servizo Galego de Saúde.

Pacto local

Entre as actuacións recollidas no Pacto Local, acordo asinado en xaneiro de 2006 entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), atópase a asunción pola Comunidade Autónoma dos custos de mantemento dos centros de saúde a cargo dos concellos.

Isto concreouse nun Protocolo formalizado entre a Consellería de Sanidade e a FEGAMP sobre asunción dos gastos de mantemento dos centros de saúde, no que se

establece o procedemento a seguir para a cesión da propiedade -voluntaria para os municipios- das devanditas instalacións ao Servizo Galego de Saúde.

A XUNTA DE GALICIA DÁ LUZ VERDE Á CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A POSTA EN MARCHA DE 30 NOVAS CASA NIÑO NO RURAL

- *Trátase dun recurso de conciliación gratuíto para nenos e nenas de 0 a 3 anos que se puxo en marcha en Galicia por primeira vez en 2016 e que este ano conta cun orzamento de 2,4 millóns de euros*
- *A convocatoria de axudas subvencionará tanto a reforma e adaptación da vivenda e o seu equipamento e dotación material como a atención profesional prestada*
- *As axudas concederáanse en réxime de concorrencia competitiva, prestando atención, ademáis de ao número de nenos e nenas que poderían beneficiarse do recurso, a factores como a dispersión xeográfica e ao envellecemento da poboación para contribuír á revitalización demográfica e á cohesión territorial ou á integración laboral de persoas en situación de especial protección*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo polo que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para a posta en marcha de 30 novas Casas Niño, un recurso gratuíto para a conciliación da vida laboral e persoal daquelas familias que viven no rural (concellos de menos de 5.000 habitantes) e nos que non exista ningún outro servizo de atención continuada á infancia 0-3. A iniciativa arrincaba de xeito pioneiro na comunidade galega en 2016 coa entrada en funcionamento das primeiras 30 unidades e consolidarase ao longo deste ano grazas a esta nova convocatoria, que conta cun orzamento de 2,4 millóns de euros e cuxas bases se publicarán nos *Diario Oficial de Galicia* nas vindeiras semanas.

Cada Casa Niño atenderá un máximo de 5 nenos/as, de xeito flexible e con garantías de seguridade e calidade. Estes fogares ofrecerán unha atención integral e personalizada na modalidade de atención diúrna de luns a venres e as familias poderán levar os nenos e nenas un máximo de oito horas diarias, nun horario que se pactará co/a profesional. O servizo comprenderá a atención específica das necesidades básicas de alimentación, hixiene e descanso de acordo coa idade e a contribución ao desenvolvemento físico, motor, afectivo, intelectual e social do neno ou nena.

Esta liña de axudas está dirixida a persoas físicas e a cooperativas de traballo asociado que estean en posesión ou conten cunha persoa socia co título de técnico/a superior en educación infantil, co grao en mestre/a de educación infantil ou primaria, grao en pedagogía, psicoloxía ou educación social. Tamén poderán optar aquelas persoas que posúan o diploma que acredite ter realizado o curso de formación integral ou o curso de formación complementaria para futuros/as profesionais das Casas Niño impartidos pola Xunta de Galicia, así como aquelas que presenten formación acreditada en áreas relacionadas coa atención á infancia e coidados infantís, ou experiencia profesional acreditada neste ámbito.

Por outra banda, quen concorra ás axudas, deberá residir nun núcleo rural no que non exista ningún recurso de atención continuada á infancia de ata 3 anos de idade e contar cunha vivenda dotada con sistema de calefacción con protección dos elementos calefactores; unha sala con iluminación e ventilación naturais e un mínimo de 4 metros cadrados por menor; unha zona diferenciada para o descanso e a hixiene infantil e unha zona para a preparación, almacenamento e conservación de alimentos; elementos de protección de enchufes, portas e ventás; e un mobiliario e equipamento básico para a atención das nenas e nenos. Ademais, deberán dispoñer dun plan de actuación cos nenos e nenas para atender eventuais emerxencias que se poidan producir na Casa Niño. Así mesmo, os nenos e nenas que acudan deberán estar empadroados/as no concello no que se localice este tipo de fogar, ou nun limítrofe onde non existan recursos de atención á infancia de 0 a 3 anos.

As axudas concederanse en réxime de concorrencia competitiva prestando atención, ademais de ao número de nenos e nenas que poderían beneficiarse do recurso, a factores como a dispersión xeográfica e ao envellecemento da poboación para contribuír á revitalización demográfica e á cohesión territorial. Así mesmo, e co obxecto de contribuír á integración laboral de persoas en situación de especial protección, recibirán unha puntuación adicional as persoas paradas de longa duración, as menores de 35 anos e maiores de 55 anos, as persoas con discapacidade igual ou superior ao 33% (sempre que esta sexa valorada como compatible co desempeño da actividade subvencionada polo órgano competente da Administración autonómica), e as mulleres vítimas de violencia de xénero.

Esta convocatoria de axudas subvencionará a reforma e adaptación da vivenda, así como o seu equipamento e dotación material e a prestación da atención personalizada de nenos e nenas de 0-3 anos. As axudas para gastos de investimento consistirán nunha subvención de ata o 100% dos gastos elixibles, cun límite máximo global por Casa Niño de 15.000 euros, mentres que a achega pola prestación da atención personalizada consistirá nunha prima de 19.6000 euros/ano, destinada a apoiar esta iniciativa emprendedora no inicio da súa andaina.

Con esta actuación preténdese crear recursos de conciliación para as familias e oportunidades para atraer poboación nova ao rural galego e fomentar o reequilibrio territorial. Ademais, impúlsanse e apóianse as fórmulas de autoemprego e de economía social, eficaces para a dinamización económica local e, consecuentemente, para a fixación de poboación ao territorio. A día de hoxe hai en Galicia 67 concellos potenciais beneficiarios por cumprir os requisitos anteriormente mencionados.

As Casas Niño son un dos recursos previstos na área de Conciliación do Programa de apoio á natalidade (PAN) que impulsou o goberno galego a finais do ano 2015. Un programa que conta con tres eixos de actuación: PAN Axudas, PAN Concilia e PAN

Servizos. O obxectivo das actuacións recollidas no PAN Concilia é crear un ambiente social favorable no que non entren en conflito as responsabilidades parentais de coidado co acceso e permanencia no mercado de traballo, tanto mediante a posta a disposición de recursos como mediante o fomento da corresponsabilidade no fogar e da implicación empresarial.

No marco da primeira convocatoria de axudas para a posta en marcha das primeiras 30 Casas Niño en Galicia, a provincia da Coruña conta con unha, Lugo dispón de oito, Ourense con 18 e 3 Casas Niño están emprazadas na provincia de Pontevedra.

A XUNTA ACTIVA CON 100 MILLÓNS O PROGRAMA EMPREGA EN FEMININO PARA IMPULSAR A INCORPORACIÓN DA MULLER AO MERCADO LABORAL

- *A nova iniciativa da Administración autonómica para esta lexislatura, enmarcada na Axenda 20 para o Emprego, busca equilibrar a participación da muller e fomentar a corresponsabilidade para garantir a conciliación*
- *A folla de ruta inclúe catro eixos de actuación con medidas innovadoras co obxectivo de aumentar a taxa de emprego feminino e chegar ao 75% das mulleres asalariadas con contrato indefinido, prestando especial atención a novos sectores estratéxicos como a Industria 4.0*
- *Incrementáanse nun 25% os incentivos á contratación de mulleres, ao tempo que tamén se promoven para facilitar a reincorporación de nais paradas de longa duración*
- *O Goberno galego fomentará o desenvolvemento profesional das mulleres facilitando a súa incorporación a postos de dirección co programa Excelsia para formar a novas tituladas universitarias ou en FP en postos intermedios*
- *A igualdade na empresa apoiárase con incentivos nas sinaturas, o desenvolvemento de campañas de sensibilización, a realización de medidas para facer fronte á fenda salarial en Galicia e favorecendo a contratación pública en RSE*
- *No eido do emprendemento, o programa inclúe a posta en marcha dun banco de ideas e o fomento da titularidade feminina en entidades de economía social*
- *As mulleres son un colectivo prioritario para a Xunta que no último ano logrou reducir o desemprego nun 7,22% e aumentar a contratación indefinida e a tempo completo*

Emprega en feminino é o novo programa da Xunta que, con 100 millóns de euros ata 2020, busca desenvolver medidas que impulsen o papel da muller no mercado laboral. Cun investimento medio anual de 25 millóns, esta folla de ruta inclúe catro eixos de actuación con propostas innovadoras que faciliten a súa incorporación profesional; o seu desenvolvemento; a igualdade na empresa; e apoiar o emprendemento.

O Goberno galego fíxase con esta actuación ata 2020 aumentar a taxa de emprego feminino en dous puntos; chegar ao 75% das mulleres asalariadas con contrato indefinido, prestando especial atención a novos sectores estratéxicos, como a Industria 4.0; situar o emprego autónomo entre as mulleres no 21% das afiliadas, preto de dous puntos máis que na actualidade.

Para facilitar a incorporación da muller ao mercado de traballo, equilibrando a súa participación, *Emprega en feminino* inclúe, entre as súas medidas destacadas, incentivos para a reincorporación de nais paradas de longa duración, un incremento do 25% dos incentivos á contratación de mulleres, e a vinculación de accións de

orientación laboral co ámbito da formación. Potenciarase, así mesmo, a certificación de profesionalidade para mulleres que desexen incorporarse a un traballo.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria, ademais, fomentará o desenvolvemento profesional do colectivo feminino coa primeira edición do programa *Excelsia* para formar novas tituladas, tanto universitarias como de FP, en postos intermedios. Neste segundo eixo de actuación tamén incidirase na formación para o emprego vinculada á Industria 4.0 e a sectores estratéxicos, desenvolverase unha nova edición de *Executivas* para seguir dando a oportunidade ás desempregadas de formarse en postos de dirección, e realizaranse talleres para que as mulleres participantes poidan desenvolver a súa marca persoal.

O terceiro gran obxectivo do programa será a elaboración e implantación de medidas de igualdade e fomentar a corresponsabilidade para garantir a conciliación. Para iso, incentivarase a igualdade na empresa, levaranse a cabo campañas de sensibilización, favorecerase a contratación pública en responsabilidade social empresarial e realizaranse novas medidas contra a fenda salarial en Galicia.

Por último, o eixo do emprendemento inclúe a posta en marcha dun banco de ideas para novas iniciativas empresariais e o fomento da titularidade feminina en entidades de economía social. Reforzarase, ademais, o apoio ás iniciativas femininas na promoción do emprego autónomo e da economía social.

Colectivo estratéxico

As mulleres son neste momento un colectivo prioritario en todas as políticas activas de emprego da Xunta. Deste feito, as axudas relacionadas con este ámbito teñen unha maior intensidade. Nos últimos catro anos, o 50% dos beneficiarios dos programas de emprego da Xunta foron mulleres.

As medidas incluídas en *Emprega en feminino* compléntase con outras iniciativas de apoio ás mulleres que xa está a promover a Xunta a través das consellerías do Mar e do Medio Rural e das secretarías xerais de Emprego e da Igualdade. Así mesmo, e para avanzar cara a unha igualdade efectiva entre homes e mulleres, a Xunta instou o Consello Galego de Relacións Laborais para que os axentes económicos e sociais establezan as liñas básicas, nas que se están a traballar, para un Acordo Marco Interprofesional de ámbito autonómico sobre a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

A nova folla de ruta enmárcase na Axenda 20 para o Emprego coa que a Xunta está traballando para crear ata 2020 entre 80.000 e 100.000 postos de traballo estables e de calidade impulsando ou convertendo 50.000 contratos en indefinidos.

O perfil da muller

A muller traballadora en Galicia conta cunha titulación media en educación secundaria ou superior e é de media máis emprendedora que no resto de España. De feito, o emprendemento neste colectivo está consolidado nun 49,7% fronte ao 40,04% da media estatal. O 42,2% dos autónomos en Galicia son mulleres fronte ao 34,9% de España, 7,3 puntos por enriba.

O emprego entre as mulleres está crescendo na Comunidade, unha tendencia que avalan os últimos datos de paro: reflicten que o desemprego baixou nun 7,22% entre as mulleres no último ano. A taxa de emprego, así mesmo, está preto de dous puntos por enriba de España, crescendo tanto a contratación indefinida como a tempo completo. Así, un 91,1% dos novos ocupados rexistrados a xornada completa foron mulleres no primeiro trimestre do ano.

A XUNTA INCREMENTA UN 6% AS PRAZAS DE OCIO E TEMPO LIBRE QUE OFERTA Á MOCIDADE A TRAVÉS DA CAMPAÑA DE VERÁN 2017

- *A Administración autonómica oferta 9.572 prazas en campamentos e actividades para a tempada estival, 526 máis que na edición do ano pasado*
- *O investimento global ascende a 2,9 millóns de euros, o que supón un 11% máis que en 2016*
- *A programación, que ten como lema 'O teu verán colle nunha mochila', estruturase en seis eixes: os campamentos para menores de 18 anos, campamentos noutras comunidades autónomas, as actividades para maiores de 18 anos, a oferta concertada, os campos de traballo e as accións para mozos e mozas descendentes de galegos residentes no exterior*

Preto de 10.000 mozos e mozas participarán este ano na Campaña de Verán 2017, que baixo a lema 'O teu verán colle nunha mochila', pon á disposición da mocidade un amplo abano de actividades de carácter cultural, ambiental, deportivo, de ocio e tempo libre ou de voluntariado, entre outras, e todas elas coa compoñente de educación non formal. Así, a oferta total de prazas ascende a 9.572, 526 máis que en 2016, e o investimento global sitúase en 2,9 millóns de euros, un 11% máis que a anterior edición. Os campamentos en Galicia teñen uns prezos públicos que oscilan entre os 50 e os 232 euros, tendo en conta o tipo de actividades e tamén que as familias numerosas teñen un desconto do 50% e os usuarios do carné xove dun 25%.

A oferta da Campaña de Verán 2017 estrutúrase en seis eixes: os campamentos para menores de 18 anos, campamentos noutras comunidades autónomas, as actividades para maiores de 18 anos, a oferta concertada, os campos de traballo e a programación para mozos e mozas descendentes de galegos residentes no exterior. O maior investimento económico na iniciativa permite incrementar o número de prazas en case toda esta oferta, así como a contratación de máis de 900 monitores e directores de campamentos, na súa gran maioría xente nova.

Así, os campamentos organizados para mozos e mozas entre 9 e 17 anos nas instalacións xuvenís galegas, 22 albergues e campamentos espallados por toda a xeografía, ofertan 6.400 prazas, o que supón un aumento do 3% con respecto á convocatoria do verán pasado e dun 20% en relación a do ano 2015. Os participantes nestes campamentos realizan actividades centradas na natureza, no deporte, o voluntariado ou o tempo libre, entre outras.

En canto a campamentos noutras comunidades autónomas, a Xunta pon á disposición dos interesados 298 prazas, 90 máis que en 2016, o que supón un incremento do 40%. Concretamente no País Vasco, Castela e León, Extremadura, A Rioxá, Madrid e, como novidade, Cantabria. Mozos e mozas desas comunidades tamén poderán vir a

Galicia para participar nos nosos campamentos. A duración de cada unha das actividades virá marcada pola idade dos participantes e polas características dos propios campamentos, oscilando entre os oito e os doce días. E dentro destes campamentos organízanse actividades de ocio educativo de diferentes temáticas (actividades náuticas; coñecemento do medio natural; dramatización e expresión cultural; xogos tradicionais ou deportes de multiaventura.).

A Campaña de Verán 2017 presenta unha faciana máis inclusiva que en anteriores edicións, ao reservar máis prazas para fillos e fillas de mulleres vítimas da violencia de xénero, para menores en situación de garda ou tutela administrativa e para mozos e mozas con discapacidade. En concreto, para estas situacións hai reservadas 313 prazas, das cales 100 están á disposición da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica para menores en garda ou tutela, outras 162 destínanse a mozos e mozas con distintas capacidades a través da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, e 51 as xestiona a Secretaría Xeral de Igualdade para nenos e nenas de nais vítimas de malos tratos. Así mesmo, e no que respecta aos nenos baixo tutela ou garda da Administración, ademais das 100 prazas que se teñen reservadas para este colectivo, resultaron adxudicatarios de praza por sorteo 275 nenos máis procedentes destes centros. No caso dos participantes con discapacidade, 27 solicitantes optaron polo procedemento específico de inclusión e resultaron, todos eles, adxudicatarios de praza (había 60 prazas reservadas para esta vía) e outros 80 mozos e mozas con discapacidade obtiveron praza polo procedemento xeral (dos 129 solicitantes que optaron por esta vía). Tamén hai 6 nenos con discapacidade que participarán pola vía de prazas reservadas a menores tutelados. É dicir, un total de 113 mozos e mozas con discapacidade poderán beneficiarse e participar en condicións de igualdade e inclusión dunha programación de lecer educativo durante o verán a través da convocatoria da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.

Os campos de traballo están encamiñados a favorecer e fomentar a convivencia, a participación, a tolerancia e a solidariedade entre a mocidade e o seu contorno a través de actividades levadas a cabo en todas as rexións de España e noutros países como Francia, Alemaña, Grecia, Italia, Corea do Sur ou Xapón. A oferta de prazas dos 28 campos de traballo situados en Galicia medrou un 25% nas últimas dúas convocatorias, ata acadar un total de 598 (10 máis que en 2016) dirixidas a mozos e mozas galegos, do resto de comunidades autónomas e do estranxeiro, así como para voluntarios procedentes da Galicia exterior. Delas, 204 prazas resérvanse para a mocidade galega en primeira convocatoria; 156 para os que elixen desprazarse a outra comunidade autónoma e 142 para os que o fan no estranxeiro. En total, os mozos e mozas galegos poderán optar a 502 prazas este verán. Nestes campos ofréceselles aos participantes unha alternativa de lecer e tempo libre baseada no intercambio de coñecementos e culturas, na práctica de deportes e na visita a lugares de interese turístico, histórico ou cultural. As quendas serán de 10 a 12 días.

Así mesmo, a Xunta mantén o número de prazas reservadas para descendentes de galegos residentes no exterior, cun total de 240 ao abeiro do programa 'Conecta con Galicia' que organiza a Secretaría Xeral de Emigración e que ten como principais actividades 'Cultura e Camiño' e 'O mar de Galicia'. A primeira delas consiste en percorrer o Camiño Francés e a Vía da Prata a Santiago para coñecer o seu patrimonio histórico e cultural; e a segunda terá lugar no albergue de Gandarío e ten como finalidade que os participantes coñezan o medio mariño a través de actividades relacionadas co mar.

E, por último, a oferta en prazas concertadas aumenta de maneira considerable, 295 máis que na anterior campaña de verán ata alcanzar un total de 1.195, o que supón unha subida do 33%. Con este modelo, a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado pon os seus albergues e campamentos á disposición de concellos, asociacións xuvenís, grupos informais de mozos e mozas e outros colectivos, para que estas entidades poidan organizar as súas propias actividades de verán. Como no ano 2016, as asociacións xuvenís e as entidades prestadoras de servizos á xuventude contan cun desconto de ata o 50% para as actividades de grupos. A oferta concertada comeza o 15 de xuño e prolongarase ata o 10 de setembro, e grazas a este programa, na convocatoria deste ano, 18 entidades (que se poden incrementar en fase de resultas) poderán levar a cabo a súa programación para a mocidade en 8 instalacións de titularidade da Consellería de Política Social, entre elas o campamento xuvenil A Devesa, situado no municipio lucense de Ribadeo, logo das obras de remodelación e mellora levadas a cabo o ano pasado.

A XUNTA RECUPERA OS PREMIOS AGADER PARA RECOÑECER AS MELLORES INICIATIVAS DE DESENVOLVEMENTO RURAL CUNHA DOTACIÓN DE 80.000 EUROS

- *Haberá 5 distincións e un galardón especial para os mozos que opten polo agro para establecer o seu medio de vida*
- *Nos vindeiros días está previsto que se publique no Diario Oficial de Galicia a convocatoria para presentar as candidaturas correspondentes*

O Consello da Xunta deu hoxe o seu visto e praxe á convocatoria da VIII edición dos Premios Agader a iniciativas de desenvolvemento rural, promovida pola Consellería do Medio Rural a través da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader). Desta forma, recupéranse estes galardóns que premian aquelas actuacións que impulsen o tecido socioeconómico do agro e que fomenten a xeración dunha sociedade rural máis viva.

Estes premios deixaron de convocarse durante os anos de maior incidencia da crise económica e agora, coa recuperación, retómanse, para seguir impulsando e incentivando as iniciativas que contribúen a dotar o rural de dinamismo desde o punto de vista social e económico e cun enfoque sustentable.

Os galardóns están dotados cun total de 80.000 euros para as diferentes categorías. Así, haberá cinco premios e un de carácter especial para o proxecto encabezado por mozos que optan polo rural para establecer o seu medio de vida. As contías irán dos 25.000 euros para o primeiro premio ata os 5.000 para o quinto.

O xurado valorará que as iniciativas presentadas contribúan á actividade económica do territorio no que se desenvolven e o nivel de creación de emprego. Tamén se avaliará o seu grao de sustentabilidade económica, medio ambiental e sociocultural, así como outros aspectos, como a incorporación e inserción laboral da muller.

Nos vindeiros días está previsto que saia a convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) e dende o día seguinte ao da publicación os candidatos disporán dun mes para presentar as súas solicitudes. Poderán concorrer aquelas iniciativas de desenvolvemento rural de persoas físicas ou xurídicas –sexan públicas ou privadas– que se localicen en Galicia e que foran executadas con carácter previo á publicación da convocatoria.

MEDIO RURAL MOBILIZARÁ PRETO DE 300 HECTÁREAS ABANDONADAS DA COMARCA DE LEMOS PARA POÑELAS A DISPOSICIÓN DAS EXPLOTACIÓNS DA ZONA

- *O Consello da Xunta deu hoxe o seu visto e praxe a un informe sobre o convenio de colaboración entre esta consellería e a Fundación Juana de Vega para rematar o proxecto "Mobilización de terras no Val de Lemos"*
- *Preténdese regular o uso e aproveitamento de parcelas con vocación agraria, co dobre obxectivo de evitar o seu abandono e de poñelas á disposición de todas aquelas persoas que queiran ampliar a súa base territorial*
- *O convenio ten un orzamento de algo máis de 62.000 euros e terá unha vixencia ata o 31 de decembro de 2018*
- *A Xunta pretende valorizar todas as terras que mostran certo grao de abandono a través de distintas ferramentas, entre as que destacan os procesos de reestruturación parcelaria, o proxecto Marcos e o Banco de Terras*

O Consello da Xunta deu hoxe o seu visto e praxe a un informe sobre o un convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a Fundación Juana de Vega para rematar o proxecto "Mobilización de terras no Val de Lemos", onde se pretende poñer á disposición das explotacións interesadas das zonas preto de 300 hectáreas abandonadas.

Con este acordo, a Consellería do Medio Rural vai regular o uso e aproveitamento de parcelas con vocación agraria, co dobre obxectivo de evitar o seu abandono e de poñelas á disposición de todas aquelas persoas que necesiten terreos para usos agrícolas, gandeiros, forestais, de conservación da natureza e patrimonio, entre outros.

O primeiro paso que se levou a cabo foi a selección e caracterización das zonas piloto, rexistradas nos concellos lucenses de Monforte, Bóveda, A Pobra de Brollón, Pantón, O Saviñao e Sober debido ao interese agrario que hai na zona. Seguidamente procedeuse á identificación da demanda efectiva, que se caracteriza por seren granxas e cooperativas de vacún de leite, fundamentalmente. Tamén estarían interesados neste proceso de mobilización de terras, pero, en menor medida, explotacións de vacún de carne e de horta. En calquera caso, os interesados teñen intención de ampliar a súa base territorial e así mellorar a súa competitividade.

Coa sinatura deste acordo, que ten un orzamento de algo máis de 62.000 euros, vaise definir a estratexia a seguir para estimular a oferta destas terras. A Xunta mediará entre os donos e os interesados con diferentes accións como arrendamentos, co obxectivo de ofrecer garantías xurídicas a todas as partes implicadas. O período de vixencia do convenio rematará o 31 de decembro do 2018.

Mobilización de terras

O departamento que dirixe Ángeles Vázquez pretende poñer en valor todas as terras que, a día de hoxe, mostran certo grao de abandono. Neste sentido, e de forma paralela, están en marcha outras ferramentas como as reestruturacións parcelarias, coas que se pretenden reorganizar máis de 110.000 hectáreas en toda Galicia, ou o modelo Marcos, que permitirá reorganizar o territorio de forma máis rápida, ao tratarse de cesións voluntarias entre propietarios sen modificación da titularidade.

Outras ferramentas que permitirán ampliar a base territorial das explotacións son as unidades de asesoramento e xestión de explotacións (UAXE), as cales fomentarán o movemento de terras e activos entre explotacións, especialmente daqueles gandeiros que se xubilan. E finalmente, o Banco de Terras, que a día de hoxe ten á disposición do cidadán preto de 12.500 parcelas que supoñen algo máis de 5.800 hectáreas de terreo.

GALICIA É LIDER EN EUROPA NA RASTREXABILIDADE TELEMÁTICA DE PRODUTOS PESQUEIROS CON MÁIS DE 4 MILLÓNS DE DOCUMENTOS EMITIDOS NO 2016

- *Estes documentos son expedidos polos profesionais do mar a través da plataforma tecnolóxica da pesca, á que teñen acceso desde calquera ordenador e desde os terminais ticpesc instalados nos peiraos galegos*
- *O 21% dos documentos telemáticos xerados o ano pasado foron emitidos a través dos caixeiros ticpesc, situados nos portos pesqueiros*
- *A aplicación destas tecnoloxías á actividade diaria dos profesionais do mar facilita as súas xestións, axiliza o labor sobre a documentación dos produtos e a información que se debe dar ao consumidor e aos diferentes axentes da comercialización pesqueira*

Galicia expediu no 2016 a través de medios telemáticos preto de 4 millóns de notas de venda de produtos do mar e arredor de 300.000 documentos necesarios para a práctica e o control da actividade extractiva (de orixe, de recollida, de rexistro, de transporte e de alternancia de artes, entre outros). Así o reflicte un informe que analizou esta mañá o Consello da Xunta e que dá conta do traballo realizado pola comunidade autónoma galega neste eido.

Un labor que sitúa a Galicia á cabeza e como un referente en España e en Europa na emisión telemática de documentos de rastrexabilidade dos produtos pesqueiros, aqueles que permiten identificar a súa historia desde a captura ata que chega ao consumidor. Estes documentos son expedidos polos profesionais do mar a través da plataforma tecnolóxica da pesca, á que teñen acceso desde calquera ordenador e desde os terminais ticpesc, uns caixeiros instalados en diferentes portos galegos aos que o sector accede a través dunha tarxeta ou DNI electrónico.

Así, segundo reflicte o informe, o ano pasado a través da plataforma tecnolóxica da pesca, os pescadores/as, mariscadores/as e bateiros/as, xeraron desde os ordenadores e os ticpesc, entre outros documentos, preto de 54.000 de orixe. Estes documentos son aqueles que acompañan ao produto desde a zona de produción ou establecemento de cultivo ata a lonxa, porto ou lugar de concentración ou clasificación.

Tamén emitiron preto de 130.000 documentos de rexistro, que levan os produtos desde o peirao de descarga ou centro de concentración ata o establecemento de destino autorizado (un centro de expedición, un centro de depuración, un establecemento de transformación ou unha zona de reinstalación). Ademais, mediante esta plataforma, os profesionais do mar tamén transmitiron en 2016 máis de 64.000

documentos de transporte, que amparan este proceso desde o porto de descarga ata a lonxa, se esta se atopa nun lugar distinto ao de descarga.

A maiores destes documentos de rastrexabilidade, na plataforma tecnolóxica da pesca os profesionais do mar tamén poden xerar outro tipo de documentos, como os de alternancia de artes, a través dos que os buques de artes menores declaran a arte utilizada nunha data concreta. Deste tipo, no 2016 emitíronse máis de 42.500.

Os caixeiros ticpesc

En relación aos ticpesc, o informe especifica que arredor do 21% dos documentos telemáticos xerados o ano pasado, foron emitidos a través destes terminais, que no eido da rastrexabilidade permiten obter documentos de transporte, de orixe e de rexistro, entre outros.

A partir do ano 2010 o volume de documentos emitidos por estes terminais foi aumentando progresivamente, debido ao incremento dos terminais e á incorporación de usuarios. De feito, pasáronse de máis de 5.000 documentos emitidos e dos preto de 500 usuarios do 2010 a máis de 62.000 documentos emitidos e case 4.000 usuarios do ano 2016. Ademais o informe destaca os casos de lonxas como Cambados, Ferrol, A Illa de Arousa, Bueu e Rianxo, que xeran numerosos documentos da actividade pesqueira e case na súa totalidade son expedidos nos terminais ticpesc.

A aplicación destas tecnoloxías á actividade diaria dos profesionais do mar facilita as súas xestións, xa que lles permite emitir documentos durante as 24 horas dos 365 días do ano. Tamén axiliza o labor sobre a documentación dos produtos do mar e a información que se debe dar ao consumidor e aos diferentes axentes da comercialización pesqueira. Ademais, axuda a asegurar e diferenciar a calidade, seguridade alimentaria e a sustentabilidade dos produtos pesqueiros de Galicia.